

Xoves, 25 de febreiro de 2021

Núm. 38

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

**MUNICIPAL****GUARDA, A****Recadación**

*EXPOSICIÓN PÚBLICA E PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRANZA DO PADRÓN RELATIVO  
Á TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA*

*ANUNCIO EXPOSICIÓN PÚBLICA E PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRANZA DO PADRÓN RELATIVO  
Á TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA DO CUARTO TRIMESTRE  
DO EXERCICIO TRIBUTARIO 2020*

A Presidencia desta Corporación, mediante resolución núm. 2021-0283, 19 de febreiro de 2021, aprobou o padrón da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga correspondente ó cuarto trimestre do exercicio tributario 2020 do Concello de A Guarda. A dita resolución é definitiva en vía administrativa.

O padrón fiscal exporase ao público na tesourería municipal e na oficina de xestión tributaria do concello durante o prazo de duración do período voluntario de cobranza, para que os interesados poidan examinalo, anuncio que ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Os interesados poderán formular contra os actos que se notifican, ante a Presidencia deste Concello, recurso de reposición previo ó recurso contencioso-administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da finalización do prazo de exposición ó público do padrón.

Comunícase ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga do Concello de A Guarda correspondente ó cuarto trimestre do exercicio tributario 2020, será do día 25 de febreiro ao día 10 de maio de 2021, ámbalas dúas datas inclusive. A data de cargo en conta dos recibos domiciliados será o día 5 de abril de 2021.

O imposto deberá satisfacerse a través das seguintes entidades bancarias:

ABANCA - BANCO SANTANDER - BBVA - BANCO SABADELL - CAIXABANK

O vencemento do período voluntario de cobranza sen ter sido satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento de constrinximento coa percepción do recargo da mora e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa nos artigos 160 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 69 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

O Alcalde

Antonio Lomba Baz

Documento asinado dixitalmente á marxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: IHSMFDDU9FSBEHYV

